EXERCICIO 4- CRITERIOS PROBAS PSICOTÉCNICAS.

Este exercicio será de carácter obrigatorio e eliminatorio: as persoas aspirantes que sexan declaradas **non aptas** quedan eliminadas do proceso selectivo. Para a realización das probas designarase como persoal asesor a tres profesionais da psicoloxía, que actuaran colexiadamente. Do resultado das probas e a súa aptitude darase conta polas persoas asesoras do órgano de selección designado para a convocatoria, a efectos da determinación da lista de aspirantes que as superan e resolver eventuais reclamacións. En todo caso, a confidencialidade do contido e detalles da valoración das probas queda sometido ó establecido na lexislación orgánica da protección de datos e cinguido exclusivamente para a finalidade que se realiza.

1. Proba de intelixencia

Realizarase unha valoración do nivel intelectual. Os factores que se pretenden medir son: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.
Para a avaliación da Intelixencia Xeral, a través da medición da capacidade de comprensión e de razoamento lóxico. Empregaranse test estandarizados de intelixencia xeral, intelixencia fluída, intelixencia cristalizada e/ou intelixencia emocional.

A proba que se cumprimentara nun máximo de 30 minutos por parte dos candidatos e terá 50 cuestionamentos. O punto de corte para considerar APTO/A nesta proba o marcan os baremos do Manual de aplicación, así como a mostra específica de bombeiros. Considerarase APTA a persoa que alcance un mínimo de 26 respostas correctas ou máis, por ser centil 50.

2. Proba de personalidade

- Cuestionario de Personalidade, que vai medir factores como a enerxía, o paranoidismo, o neuroticismo, positivismo, a extraversión, a afabilidade, o tesón, a estabilidade emocional e a apertura mental, así como preguntas de sinceridade.

A proba de personalidade permite obter as dimensións que permiten a realización dunha descrición clara e detallada da personalidade do aspirante e así considerar se é un perfil axeitado para a praza de bombeiro.
A aplicación da proba de personalidade pode administrarse de forma colectiva cunha duración entre 40 e 45 minutos.
A proba de personalidade terá unha serie de escalas, que se puntuarán da seguinte forma: Moi alta, se corresponde con puntuacións decatipo de 10; Alta, se corresponde con decatipos de 8 e 9; Media, se corresponde con decatipos de 4 a 7; Baixa, se corresponde con decatipos 3 e 2; Moi baixa, se corresponde con decatipo de 1. Se considera que poden existir desordes de personalidade a partir de puntuacións límites nestas escalas. Igualmente, a proba permite controlar os rumbos de resposta, e dicir, se a persoa falsea as súas respostas para intentar aparentar algo que non é.

Por todo isto,
considérase NON APTA a persoa opositora que mostre puntuacións baixas ou moi baixas nalgún dos factores da proba, tendo en conta a curva de normalidade da poboación adulta xeral: persoas excesivamente frías, ríxidas, duras, con pouca tolerancia a frustración, psicótica, con fobias, tendencia neurótica, reprimida, pesimista, teimuda, inestable, excesivamente tímida e pouco sociable.
considérase NON APTA a persoa opositora que mostre puntuacións altas ou moi altas nalgún dos factores da proba, tendo en conta a curva de normalidade da poboación adulta xeral: persoas que lle afectan en exceso os sentimentos, moi desconfiadas, falta de colaboración, excesivamente preocupada, depresiva, paranoica ou moi irritable.
considérase NON APTA a persoa opositora que falsee as súas resposta coa finalidade de aparentar algo que non é: persoas que puntúan alto (máis de 11 puntos) na escala incluída ao respecto.

3. Entrevista persoal

Seguindo as orientacións que se explícita na convocatoria, unha vez realizadas as probas de personalidade e de intelixencia, contrastaranse os resultados cunha entrevista.
Nesta entrevista formularanse unha serie de cuestións referidas aos diferentes contextos da persoa candidata con expectativas da función de bombeiro.
Igualmente, incidirase nos aspectos relevantes da historia persoal e profesional de cada persoa opositora.
Neste sentido, explorarase se existe ou existiu algún episodio de ansiedade ou estrés na súa vida, se consumiron substancias nocivas para a saúde física ou mental, se tivo algún tipo de prescrición médica ou problemas de saúde significativos.
A persoa entrevistadora valorará as reaccións e comportamentos dos candidatos ante as diferentes situacións hipotéticas que se formulen na entrevista.
Aínda que os test de personalidade non recollen directamente este tipo de reaccións, pode existir unha correlación entre algunhas das respostas aos test e á entrevista, o que permite contrastar con maior exactitude o que se contesta por escrito xunto ao que se contesta verbalmente/non verbalmente. Igualmente, valorarase a sinceridade nas respostas e que non exista falsidade por desexabilidade social.

Asdo. O presidente do Tribunal

Asdo. O secretario do Tribunal

CONSORCIO PROVINCIAL C.I.S. OURENSE